



AYUNTAMIENTO DE SOBRADO (A Coruña)  
Plaza Portal, nº 1. 15813 SOBRADO (A Coruña)

**D. LUÍS LISARDO SANTOS ARES, ALCALDE-PRESIDENTE DO  
CONCELLO DE SOBRADO (A CORUÑA),**

**F A G O S A B E R:**

Aquelas persoas que reúnan as condicións legais establecidas na Lei Orgánica 6/1985, do 1 de Xullo do Poder Xudicial (LOPX), poden presentar solicitude para exercer o cargo de Xuíz de Paz titular deste municipio.

**Solicitudes.-** As instancias solicitando tomar parte na convocatoria, manifestando que reúnen todas as condicións legalmente esixidas, deberán dirixirse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Sobrado e presentarse no Rexistro do Concello ou polo procedemento do art. 38.4 da Lei 30/1992, no prazo de 15 días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio no BOP.

**Condicións legais dos aspirantes.-**

- a) Ser español e maior de idade.
- b) Non estar incapacitado segundo o establecido no artigo 303 da LOPX.
- c) Non incorrer nas incompatibilidades e prohibicións establecidas nos artigos 389 e seguintes da dita LOPX, no que sexa de aplicación aos xuíces de paz.

**Documentación que se xuntará coa solicitude.-**

- Certificado de nacemento ou fotocopia autenticada do DNI.
- Declaracións responsables nas que consten os extremos ós que se fai referencia nos apartados b) e c) do punto anterior.
- Certificado de penais, expedido pola Xerencia do Ministerio de Xustiza, e declaración complementaria do artigo 2º da Lei 68/1980, no seu punto a) de non atoparse inculpado ou procesado.
- Xustificación dos méritos que alegue.
- Acreditación documental da profesión actual da/o solicitante.

No suposto de non se presentar ningún solicitante, o Pleno do Concello elixirá libremente.

O que se fai público para xeral coñecemento.

En Sobrado, a doce de xaneiro de dous mil dezaseis.  
O Alcalde,